

# DISCURSO DO CANDIDATO DE TERRA GALEGA DE PONTECESURES

## ANGEL M. SOUTO CORDO

Boas noites, veciños e veciñas, o domingo é un día moi importante, este domingo, non só imos escoller ás persoas que van gobernar Pontecesures os próximos catro anos, pasado mañá imos decidir tamén que é o que queremos para Pontecesures e qué Pontecesures queremos.

Nós queremos que Pontecesures xogue na primeira división, para iso hai que ter equipo, e témolo, somos un pobo orgulloso, orgulloso da súa historia, pero tamén ambicioso dun futuro mellor para todos.

Non podemos permitir que os árbitros nos rouben máis partidos, temos que arranxar o terreo de xogo, a nosa vila necesita de moitas melloras, temos que equipar ós xogadores, vós, as veciñas e veciños de Pontecesures, tedes os mesmos dereitos que os demais para que a vosa calidade de vida sexa de benestar.

Sabedes ben o que ocorreu ata o de agora, durante estes anos, puidestes comprobar quen meteu os goles, quen deu os pases e quen defendeu a portería. Non podemos permitir que os árbitros nos rouben máis partidos, non podemos permitir que aparezan no terreo de xogo, xogadores vagos que deixan ir as oportunidades, xogadores que no canto de traballar en equipo para un fin común, se dedican a dar patadas ós demais, como ten ocorrido moitas veces. E sabedes ben de qué estou a falar.

En TERRA GALEGA apostamos por un proxecto de futuro para Cesures. Un proxecto serio, realista e realizable.

Nós non facemos propostas imposibles, nin brindes ó sol. Non somos políticos da fantasía, magos que sacan pombas dun sombreiro, nin tunantes que venden fume de promesas que non chegan a nada.

Respectamos a vosa intelixencia e liberdade de elección. Por iso o noso programa é un contrato, un contrato con vós, que nos obriga para o futuro e veredes realizado se o día 22 asinades este pacto de confianza con TERRA GALEGA.

Queremos que saibades en qué se van gastar os cartos dos impostos que pagades, queremos que miredes cales son os proxectos que imos desenvolver, sen agochar sorpresas de última hora, queremos que haxa limpeza e honradez na xestión do concello, sen enganar nin escuridade, en definitiva, queremos ter o mellor pobo para vivir, cuns servizos dignos, eficientes e razoables.

Este programa é froito do noso traballo, xurde da nosa experiencia, do noso esforzo e por que non dicilo, da nosa ambición para Pontecesures.

Hai catro piares básicos nas políticas que temos deseñadas para a vila:

O primeiro xira directamente ó redor das persoas: son políticas dirixidas a mellorar a calidade de vida e o benestar social.

En seguridade cidadán apostamos por incrementar os efectivos da Policía Local, o control do consumo de drogas e alcohol na rúa e dotar de máis medios a Protección Civil.

En educación poñeremos en marcha o Plan Madruga, dotaremos de máis ordeadores á Biblioteca e elaboraremos un Plan do libro e a lectura.

En servizos sociais potenciaremos que os servizos de benestar social cheguen a tódolos demandantes.

Apostaremos pola conciliación da vida familiar e laboral a través das becas de gardería e o apoio ás familias cuidadoras de persoas dependentes.

Non nos olvidamos da protección á infancia xa que garantizaremos a alimentación infantil mediante becas durante o 1º ano de vida en situación de escasos recursos.

Tampouco nos olvidamos dun futuro mellor para os nosos xóvenes xa que entre outras cousas crearemos unha bolsa de emprego de temporada e fins de semana para os xóvenes que queiran obter uns ingresos mentras estudan, unha Oficina Municipal da Vivenda e ofertaremos uns Plans de Turismo Xoven a prezos asequibles.

E qué dicir do apoio ós nosos maiores coa creación dun Centro de Día tan necesario e co fomento de cursos educativos.

O segundo piar, os espazos para convivir, trátase de arranxar o terreo de xogo, que vos dicía ó comezo.

En medio ambiente comenzaremos coa implantación de contenedores soterrados e a creación dun Punto Limpo.

En Urbanismo, Vivenda e Infraestructuras elaboraremos un Plan Municipal da Vivenda e Solo, Loitaremos pola modificación do Plan Xeral de Ordeación Municipal, a reubicación do Polígono empresarial e o apoio incondicional ó Tren de Cercanías.

Levando a cabo estas melloras, gañaremos partidos, pero os de TERRA GALEGA queremos que Pontecesures gañe Tamén a liga e a champions.

Para iso, tamén hai que facer unha firme aposta polo progreso. Progreso socioeconómico, pero tamén progreso cultural e deportivo.

Hai que investir no presente para ter un futuro mellor, facer un esforzo nestes tempos en que andamos, botarlle gañas e ilusión, coas nosas actuacións sobre o emprego buscamos potenciar a súa creación e mellora.

Nesta vila de futuro tamén ocupan un lugar fundamental as actividades dirixidas a potenciar a participación e o acceso á cultura e ó deporte.

Poñeremos en marcha un Proxecto para un Centro Multiusos Lúdico Deportivo, recuperaremos o Ulla FC como equipo de fútbol municipal e construiremos un centro Sociocultural.

Finalmente, o progreso pasa tamén por levar a cabo un plan de dinamización do turismo e do comercio, que axude a por en valor a nosa vila.

Amigos, isto non é falar por falar, queremos que o noso pobo medre e mellore, queremos innovar, dar máis e mellores servizos ás veciñas e iso é posible, desde unha nova perspectiva, cunha xestión eficaz e eficiente dos fondos públicos.

Niso se basea o cuarto aspecto do programa, ofrecemos a oportunidade de participar na vida política municipal á veciñanza, a posibilidade de facerse oír nos plenos municipais, para TERRA

GALEGA o movemento asociativo, sexa veciñal, cultural, deportivo, é fundamental no deseño das políticas a desenvolver. Por iso fomentamos e favorecemos a participación cidadá.

E, por outra banda, queremos situar ó noso concello na era dixital, non só é unha cuestión de aforro de tempo e trámites burocráticos para os veciños, senón que supón ademais un aforro na xestión municipal.

Lembrede que uns din que teñen unha variña máxica, outros un milagre da virxe gardado no peto, lembrede que nós temos ilusión, temos experiencia, temos gañas de traballar. Cremos sinceramente que o verdadeiro progreso dun pobo é froito do esforzo, da loita, da xestión honrada dos recursos públicos e da colaboración de todas as partes implicadas, e iso é o que vos ofrecemos.

Este domingo tedes que darlle unha oportunidade á nosa vila, tedes que votar TERRA GALEGA, porque xa é hora, moita hora, de demostrar de qué madeira estamos feitos os cesureños e as cesureñas. É hora de amosar quen somos. Confiade en nós e colocaremos Pontecesures no lugar que merece.

***Pensade en Pontecesures.  
Xuntos podemos.***

***MOITAS GRACIAS***